



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



TERRACTIVA: grupo operativo de apoio a
novos entrantes na agroecoloxía

Memoria final

» Setembo 2024



**XUNTA
DE GALICIA**



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

Índice de contidos

1. Introducción.....	4
2. Metodoloxía.....	7
2.1. Marco conceptual	7
2.2. Actividades.....	7
2.2.1. Actividade 1: caracterización dos novos entrantes en Galicia (A1).....	7
2.2.1.1. Delimitación do concepto de NE	8
2.2.1.2. Aproximación ao perfil de NE en Galicia	8
2.2.1.3. Caracterización dos procesos de incorporación	11
2.2.1.4. Elaboración de recomendacións para a PAC	14
2.2.2. Actividade 2: Ferramentas de apoio na identificación e acceso a terras de aptitude agraria (A2).....	14
2.2.2.1. Proposta metodolóxica para a identificación de oferta potencial de terras agrarias (P.2.1).....	14
2.2.2.2. Desenvolvemento da plataforma SIX-Web	15
2.2.2.3. Elaboración da Guía de apoio ao acceso á terra	15
2.2.3. Actividade 3: Desenvolvemento de ferramentas para guía e acompañamento na incorporación de novos entrantes (A3)	16
2.2.3.1. Elaboración da guía para apoiar a persoas novas entrantes	16
2.2.3.2. Punto piloto de apoio ás persoas novas entrantes	16
2.2.3.3. Orientacións para unha rede de apoio á incorporación de persoas novas entrantes	17
2.2.4. Xestión e coordinación (A4).....	18
2.2.5. Comunicación e divulgación	18
3. Resultados	20
3.1. Resultados da Actividade 1	20
3.1.1. Informe dos perfís de novos entrantes na agricultura en Galicia (P.1.1)	20

3.1.2. Recomendacións para o axuste e mellora das liñas de apoio clásicas ao relevo xeracional na agricultura (P.1.2).....	35
3.2. Resultados da Actividade 2	39
3.2.1. Metodoloxía de avaliación da oferta potencial de terras agrarias aptas para acoller novas actividades agrarias a nivel parroquial e mapas de oferta potencial na RdB das Mariñas (P.2.1 - P2.2)	39
3.2.2. Compendio de boas prácticas e casos de éxito exemplarizantes nos procesos de busca e acceso a terras (P.2.3).....	41
3.2.3. Guía e inventario de recursos prácticos para guiar aos novos entrantes na búsqueda e acceso a terras agrarias. (P.2.4).....	46
3.2.4. Plataforma six-web para apoiar na búsqueda de terras potencialmente mobilizables para novas actividades agrarias e para impulsar a intermediación entre oferta e demanda de terras a nivel local (P.2.5 e P.2.6).....	50
3.3. Resultados da Actividade 3	54
3.3.1. Guías de apoio ás persoas Novas Entrantes na agro-ecoloxía (P.3.1-P.3.2-P.3.3-P.3.4)	54
3.3.2. Portelo de apoio á incorporación da RdB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (P.3.5).....	57
4. Conclusións	59
5. Referencias Bibliográficas	60

1. *Introdución*

O Grupo Operativo TERRACTIVA naceu co obxectivo de ofrecer recursos técnicos e de mellorar as capacidades das entidades e organizacións que apoian no proceso de instalación ás persoas que, non tendo orixe agraria, se incorporan por primeira vez na agricultura. Este tipo de persoas incorporadas véñense chamando novas entrantes (NE), en contraposición ao relevo familiar clásico, no que a continuidade da explotación se dá a través das persoas herdeiras (sobre todo fillos e/ou fillas) dos titulares que se xubilan.

Así, aínda que tradicionalmente a sucesión a través de vínculos familiares foi o medio máis común, existe unha tendencia crecente de incorporación de novas persoas agricultoras que non teñen vínculos familiares coa agricultura nin experiencia previa no sector (Creaney et al., 2023). Enténdese que este colectivo pode contribuír a mellorar as perspectivas demográficas do sector agrario galego na contorna rural, contribuíndo á súa revitalización e aumentando o relevo xeracional. Ademais, e como sucede noutros sectores, o relevo familiar clásico non é suficiente para paliar as necesidades do sector, o que fai necesario contemplar novas tipoloxías de relevo que inclúan a incorporación de persoas alleas ao sector.

Nese senso, o sector agrario galego enfrenta un importante reto demográfico. No 2020 tan só o 6,6% das persoas xefas de explotación tiñan 40 anos ou menos. No mesmo ano, unhas 230.000 hectáreas de SAU eran xestionadas por explotacións agrarias cuxos xefes de explotación tiñan 60 anos ou máis, mentres que tan só 100.000 hectáreas estaban xestionadas por persoas agricultoras de 40 anos ou menos (Censo Agrario, 2020).

A situación afecta en maior medida ás pequenas explotacións, pero tamén a unha porcentaxe importante das de mediana e grande dimensión, nas que o titular ten 55 ou máis anos e non conta con relevo familiar asegurado. A transcendencia do problema pode ser abordada dende distintos puntos de vista. Dende o eido económico o relevo xeracional é imprescindible para garantir a actividade agraria e a produción de alimentos. Dende a perspectiva social, o relevo é, tamén, determinante para o futuro do tecido social nas áreas rurais. Trátase, amais, dunha actividade que contribúe á xestión do territorio e ao uso da terra nas diferentes zonas da xeografía galega. Tamén é relevante dende a perspectiva ambiental, porque permite a conservación e a xestión dos recursos naturais, a paisaxe e a biodiversidade.

A figura de NE, como colectivo diferencial tanto dende a perspectiva académica como técnica e política, é relativamente recente. Os estudos de certa relevancia comezan a aparecer fai tan só unha década e non existen para o caso galego (Zagata e Shutterland, 2015; Monllor e Fuller, 2016). Nos últimos anos púxose de manifesto a necesidade de coñecer mellor os procesos de relevo xeracional na agricultura, en xeral, para mellorar os instrumentos de apoio existentes (Zagata e Lostak, 2014).

O concepto de nova ou novo entrante (NE) ten gañado especial atención tanto a nivel académico como político na última década, mais non conta aínda cunha definición

consensuada do que representa dentro do sector. O termo mantense en constante evolución empregándose múltiples terminoloxías para o mesmo perfil – *newcomer, beginning farmer/rancher, aspiring farmer, back-to-the-lander, etc.-*. No ámbito do GO TERRACTIVA, como parte dos traballos levados a cabo na actividade 1, considerouse NE a “toda persoa que non tendo desenvolto unha actividade agraria previa (a nivel profesional), comece unha actividade económica de carácter agrícola e/ou gandeiro como titular de explotación, que non sexa por sucesión nun horizonte temporal de 10 anos.”

Segundo a literatura, as persoas novas entrantes tenden a ser máis innovadoras a múltiples niveis, xa sexa social, ambiental, organizativo ou empresarial. Moitas caracterízanse polo tipo de agricultura que practican, primando en moitos casos a sustentabilidade mediante o emprego de novas ideas e formas de produción, que poden axudar a reorientar o sector agrario de cara a negocios máis sostibles e resilientes, orientados ao futuro. Son, por exemplo, as empresas baseadas na agricultura rexenerativa, ou aquelas que apostan pola economía circular, as fontes de enerxía renovables e a autosuficiencia. Isto é crucial tendo en conta a crecente necesidade de obter produtos de maior calidade e en cantidade, e de mellorar tamén as formas de vida das persoas do sector (Creaney et al., 2023).

Os modelos máis elixidos por NE adoitan ser de produción vexetal e, nos casos da produción animal, a gandería ovina de carne, coincidindo en ambos casos cun modelo de produción agroecolóxico. Estes modelos permiten realizar un investimento inicial non moi alto, precisan dunha menor superficie agraria e ofrecen altos rendementos a cambio. Caracterizan a este perfil valores coma: o fomento de canles curtas de comercialización e diferenciación dos produtos a través de selos de calidade e coñecemento da persoa compradora; a diversificación da actividade económica; respecto do entorno e incorporación da produción ecolóxica como estratexia de viabilidade da explotación; colaboración e implicación a nivel comunitario; cooperación co resto de entidades produtoras, fomentando un novo modelo de relacións laborais e sociais; capacidade de decisión sobre o prezo de venda; planificación a medio prazo e incorporación de prácticas innovadoras de produción; pouca dependencia enerxética e baixo nivel de inversión inicial (Monllor, 2012).

Así as cousas, TERRACTIVA marcou como o **obxectivo xeral: impulsar a incorporación de novos entrantes na agricultura en producións agroecolóxicas a través do fortalecemento dos marcos de apoio, en particular na mediación e facilitación para o acceso á terra e na definición e acompañamento en itinerarios de incorporación a medida.**

Polo tanto, este Grupo Operativo puxo o foco durante este tempo de traballo en contribuír a mitigar o reto demográfico no sector agrario galego, máis intenso que na media da UE, onde o groso da remuda xeracional é remuda familiar. Esta remuda concentrou ademais

en determinadas áreas interiores, onde xa se consolidaron os sectores de vacún de leite e carne de maiores dimensións.

Por toda a Unión Europea, tamén en Galicia, están agromando e espallándose iniciativas de diversas organizacións, públicas e privadas, que tratan de impulsar a incorporación deste tipo de perfís para contrarrestar o paulatino esmorecemento demográfico do sector agrario. Con todo, até o de agora os esforzos son insuficientes en vista do tamaño da tarefa por diante.

Ese tipo de novas incorporacións afronta dificultades propias, adicionais ás xa enfrontadas polo conxunto do sector produtor. En moitas ocasións estas persoas non contan con experiencia nin con coñecementos agrarios, non teñen conexións directas co sector, nin mesmo co rural e, frecuentemente, carecen de capital ou patrimonio suficientes para comezar unha nova actividade económica. Ademais, un dos maiores retos para o colectivo de NE é o acceso á terra, suficiente en cantidade e calidade.

Tendo en conta o anterior, para tentar afrontar estas dificultades dos NE no seu proceso de incorporación, o proxecto TERRACTIVA marcou tres **obxectivos específicos**,

- o **primeiro** orientado a facilitar a identificación de terras con aptitude agraria susceptibles de mobilización e capacitar e impulsar o apoio para o acceso ás mesmas por parte dos NE e
- o **segundo** facilitar a incorporación á actividade agraria de novos entrantes cun enfoque agroecolóxico a través da definición de itinerarios de incorporación a medida e da mobilización e organización de recursos de apoio que atendesen ás súas principais necesidades.
- Finalmente, o terceiro buscou mellorar o coñecemento da situación dos novos entrantes en Galicia a través dunha aproximación cuantitativa e cualitativa que permitise coñecer mellor as súas necesidades e capacidades. Así, este obxectivo tivo carácter instrumental, aportando información necesaria para a consecución dos outros dous obxectivos e tratando de comezar a caracterizar este tipo de perfís no país. Ata o de agora, a realidade das persoas novas entrantes en Galicia non ten sido estudada.

2. Metodoloxía

2.1. Marco conceptual

O proxecto TERRACTIVA desenvolveuse, tal como se indicaba na proposta, no marco conceptual e de innovación proposto pola Comisión Europea para os Novos Entrantes (CE, 2016), que parte do recoñecemento desa tipoloxía específica de incorporación agraria.

Dito marco formaliza uns enfoques analítico e de acción específicos para esta tipoloxía de incorporacións agrarias que comezou a esbozarse a principios da década pasada (Zagata e Shutterland, 2015; Williams, 2015; Monllor e Fuller, 2016) e que se compón de tres elementos secuenciais: (i) caracterización de tipoloxías de Novos Entrantes e identificación de barreiras, (ii) definición de modelos de negocio (incluíndo especialmente a cuestión do acceso á terra) e (iii) accións clave de apoio.

TERRACTIVA alíñase con dúas das accións clave de apoio aos novos entrantes citadas (CE, 2016): o desenvolvemento de caixas de ferramentas para administracións a escala local e o impulso de programas de acompañamento ou incubadoras.

2.2. Actividades

Para acometer esas dúas accións, o proxecto estruturouse en cinco actividades:

1. Caracterización dos novos entrantes (A1)
2. Ferramentas de apoio ao acceso a terras (A2)
3. Ferramentas para guía e acompañamento (A3)
4. Xestión e coordinación (A4)
5. Comunicación e divulgación (A5)

Descríbese a continuación a metodoloxía utilizada para estas cinco actividades principais e as tarefas que incluíron.

2.2.1. Actividade 1: caracterización dos novos entrantes en Galicia (A1)

O obxectivo desta actividade foi avanzar no coñecemento da realidade das persoas NE en Galicia. Este tipo de incorporacións non ten recibido atención diferencial para o seu estudo nin tampouco está identificado de tal xeito que poidamos saber o alcance real, en termos comparativos, no conxunto de instalacións no sector agrario galego.

Aos efectos de caracterización colleuse como ámbito de análise o conxunto do territorio de Galicia.

Leváronse a cabo as seguintes tarefas:

- Delimitación do concepto de persoa Nova Entrante, concretando os elementos que definen o perfil de Novo Entrante aos efectos do proxecto.
- Aproximación socioeconómica das persoas Novas Entrantes e das súas explotacións agrarias en Galicia
- Caracterización dos procesos de incorporación e consolidación das persoas Novas Entrantes.

2.2.1.1. *Delimitación do concepto de NE*

Como primeiro paso definiuse o termo NE a efectos do proxecto. Realizouse unha revisión bibliográfica de documentos científico-técnicos a través de buscas por palabras clave en Web of Science e Scopus así como documentos de referencia da Comisión Europea. Logo da análise dos resultados atopados, optouse pola seguinte definición de NE aos efectos do proxecto: *toda persoa que non tendo desenvolto unha actividade agraria previa (a nivel profesional), comezase ou estea comezando unha actividade económica de carácter agrícola e/ou gandeiro como titular de explotación, sen ser por sucesión, nun horizonte temporal dos últimos dez anos.*

2.2.1.2. *Aproximación ao perfil de NE en Galicia*

Para facer a aproximación socioeconómica e estrutural elaborouse unha [enquisa](#) online. Empregouse a tal fin a plataforma *Forms de Microsoft 365*, mediante unha conta corporativa vinculada á USC que permitise xestionar de maneira axeitada os datos das persoas participantes. Fíxose un mostreo aleatorio non representativo, co que se pretendeu alcanzar o maior número de perfís posible. A enquisa realizouse en liña e foi difundida a través de diversas canles especializados no sector, conseguindo chegar a un número moi importante de persoas.

O lanzamento desta enquisa realizouse entre o 2 de febreiro de 2023 e o 30 de marzo do mesmo ano, empregando para a súa difusión os seguintes medios:

- Divulgación nas redes sociais e páxinas web das entidades socias do proxecto ([USC](#), etc.)
- Divulgación en revistas e prensa con perfís acaídos ó público que van dirixidas ([vaca pinta](#), [La voz de Galicia](#), etc.)
- Envío de correos electrónicos dirixidos a unha escolma de entidades identificadas polas entidades parceiras do proxecto co gallo de que distribuísen a enquisa entre todas aquelas persoas que identificasen coma NE así como a outros axentes relevantes para maior difusión da mesma.
- Análise estatística da información recollida.




Ilustración 1 Captura da enquisa realizada, primeira imaxe.

Táboa 1. Entidades as que se contactou para colaborar na identificación de novas/os entrantes

LISTADO DE ENTIDADES QUE PODEN CONTRIBUÍR A LOCALIZAR NOVAS/OS ENTRANTES	
Asociación de Asesores Rurais de Galicia	IXP Betanzos
AGACA (Asoc. Galega de Cooperativas Agroalimentarias)	IXP Ribeiras do Morrazo
Rede EUSUMO	IXP Val do Miño - Ourense
Programas de emprendemento e Polos de emprendemento e apoio ao emprego	IX Licor Café de Galicia
GDRs (Grupos de Desenvolvemento Rural)	IX Licor de Herbas de Galicia
AGADER (Asociación Galega de Desenvolvemento Rural)	IX Orujo de Galicia/Augardente de Galicia
ASOPORCEL (Asoc. de Criadores de Raza Porcina Celta)	IX Augardente de Herbas de Galicia
OVICA (Asoc. de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia)	DOP Cebreiro
AVIMOS (Asoc. de Criadores de Galiña de Mos)	DOP Arzúa - Ulloa
AGALPI (Asoc. Galiña Piñeira)	DOP San Simón da Costa
BOAGA (Federación de razas autóctonas de Galicia)	DOP Queixo de Tetilla
Asociacións de produtores de froita do Eume.	IXP Mel de Galicia
Asociación Lentura (antiga AMORODO)	IXP Ternera Gallega

AGA (Asoc. Galega de Apicultura)	IXP Lacón Gallego
ASOPACO (Asoc. Produtores de Patata de Coristanco)	IXP Vaca Gallega - Buey Gallego
CLUN, Melisanto, COREN	IXP Castaña de Galicia
CIAM (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo)	IXP Faba de Lourenzá
MBG (Misión Biolóxica de Galicia)	IXP Patata de Galicia
Centro de FP con formación agraria (públicos e privados)	IXP Grelos de Galicia
Grupos de consumo e mercados	IXP Pemento de Arnoia
Restaurantes	IXP Pemento do Couto
OAC (Oficinas Agrarias Comarcais)	DOP Pemento de Herbón
CAP	IXP Pemento de Mougán
CRAEGA (Consello Regulador de Agr. Ecolóxica de Galicia)	IXP Pemento de Oímbra
DOP Ribeiro	IXP Pan Galego, Pan de Cea e Tarta de Santiago
DOP Valdeorras	IXP Capón de Vilalba e IXP Terras do Navia
DOP Ribeira Sacra	Faba de Lourenzá
DOP Monterrei	Patata de Galicia
DOP Rías Baixas	Cooperativa A Carqueixa
IXP Barbanza e Iria	Deputación de Lugo - Medio rural

A [enquisa](#) estaba especificamente dirixida a persoas que se fixeran agricultores/as ou gandeiros/as nos últimos 10 anos, e que non tiveran experiencia previa no sector agrario. Dita enquisa estaba conformada por un total de 34 preguntas, das cales 12 eran obrigatorias, o tempo medio empregado para responder o total da enquisa foron 9 minutos. Co obxectivo de non incorrer en preguntas invasivas e nun cuestionario excesivamente longo, decidiuse omitir a obrigatoriedade na totalidade das respostas, deixando como obrigatorias soamente aquelas que estaban referidas a información esencial, xa que ademais estas podería dar lugar a respostas erróneas ou mesmo ao abandono do cuestionario previa finalización e envío.

Os datos recollidos pola enquisa online foron sometidos a unha análise estatística cuantitativa.

Unha vez obtidos os datos e pechado o período de recepción de respostas, procédese á elaboración dunha matriz de datos para poder tratar os datos cuantitativos a analizar. Posto que algunhas preguntas non contaban con respostas pechadas, codifícase e simplifícase a información para poder ser procesada a través de dita matriz de datos. Extráense os datos simples froito das respostas e faise un cruzamento de datos no caso daquelas variables que, tendo en conta a información bibliográfica, poden ser representativos de forma correlacional. No caso da idade de incorporación, tendo en conta que o cuestionario difundido unicamente solicitaba a idade actual e o ano de incorporación, fíxose o cálculo restando á idade actual a diferenza entre o ano actual e o ano de inicio de actividade. Neste cálculo, suponse que non existen paróns na actividade.

2.2.1.3. Caracterización dos procesos de incorporación

Partindo das respostas válidas na enquisa realizouse unha primeira clasificación a fin de levar a cabo posteriormente unha investigación cualitativa, mediante a realización dun número determinado de entrevistas co obxecto de identificar ou caracterizar perfís de NE e os seus itinerarios de incorporación. Durante ese proceso descartáronse 2 enquisas por entender que non cumprían os criterios de NE definidos anteriormente.

A clasificación para a posterior selección de entrevistas realizouse en torno a catro preguntas clave:

- A explotación estaba en funcionamento cando te incorporaches: si/non
- Tes experiencia laboral previa noutro sector diferente ó agrario: si/non
- Tes algún familiar con actividade agraria (actual ou pasada): si/non
- Cal é a dedicación á explotación: tempo completo/tempo parcial

Estado da explotación	Experiencia previa noutro sector	Vinculación dalgún familiar a actividade	Dedicación	Nº de enquisados	Nº de entrevistas a realizar
En funcionamento	Con experiencia	Con familiar	Tempo completo	6	1
			Tempo Parcial	3	1
		Sen familiar	Tempo completo	4	1
			Tempo Parcial	2	1
	Sen experiencia	Con familiar	Tempo completo	2	0
			Tempo Parcial	1	0
		Sen Familiar	Tempo completo	0	0
			Tempo Parcial	0	0

De nova creación	Con experiencia	Con familiar	Tempo completo	19	3
			Tempo Parcial	8	2
		Sen familiar	Tempo completo	18	4
			Tempo Parcial	9	2
	Sen experiencia	Con familiar	Tempo completo	6	1
			Tempo Parcial	0	0
		Sen Familiar	Tempo completo	3	1
			Tempo Parcial	4	1

Táboa 2. Criterios para a selección de entrevistas a realizar partindo das 83 enquisas

Logo de realizar esta clasificación, propúxose un número de entrevistas a realizar por itinerario, sumando en total 18. A selección foi aleatoria dentro daqueles perfís que cumprían os criterios, só se comprobou que había representatividade dos xéneros feminino e masculino. Finalmente conseguiuase levar a cabo 17 entrevistas semiestruturadas durante o período 28/04/2023 a 07/06/2023, a partir do deseño dun cuestionario estruturado que se anexou ó **produto do proxecto P.1.1.**

Tivéronse en conta certos parámetros para a caracterización do perfil de NE en Galicia que, bebendo da base do Novo Paradigma Agrosocial descrito por Monllor (2013), inclúen aspectos relevantes dun modelo de sociedade en evolución. Os diferentes elementos que compoñen este modelo son: a escala local, a diversidade, o medio ambiente, a cooperación, a innovación, a autonomía, o compromiso social e a ralentización. Por tanto, e baseados neste marco, incluíronse os seguintes bloques de preguntas:

- A dispoñibilidade de certos recursos iniciais, incluíndo terras, formación, recursos financeiros e capital social (relacións con persoas ligadas ao sector, propietarios de terras, produtores, etc.).
- Motivacións para a incorporación á actividade agraria e expectativas e aspiracións, onde se inclúen parámetros que tamén entran en relación co compromiso social, territorial ou ambiental da persoa en cuestión
- Barreiras ou dificultades atopadas á hora de incorporarse, en particular con respecto ao acceso á terra, a financiamento, a coñecementos e asesoramento, ou a outros servizos de contexto como unha vivenda e outros servizos; as dificultades técnicas, o acceso a provedores e loxística, a comercialización, normativa e burocracia, a presión social e outros factores internos derivados da anterior.
- As actitudes e aptitudes baixo a perspectiva do modelo de negocio. É dicir, a importancia que lle dan no enfoque da explotación a aspectos como: a xestión dos recursos naturais e conservación do medio ambiente (incluíndo a adaptación e mitigación do cambio climático, a conservación da biodiversidade, o mantemento da auga e o solo ou a redución do uso de enerxía); a cooperación con outros produtores, consumidores, provedores, e demais axentes; e a incorporación de novas técnicas de produción, novas tecnoloxías, novas formas de organizar o traballo e a diversificación do produto.
- Afondouse tamén no desenvolvemento do proceso de incorporación no sector, que Monllor desagrega en dous períodos diferentes: de planificación (antes da incorporación) e de establecemento (posterior á incorporación).

En total estruturouse en 9 bloques:

1. Proceso de incorporación: tratando de indagar na biografía do proceso de incorporación
2. Explotación agraria a día de hoxe: Que produce, base territorial, modelo produtivo, esquemas de calidade, etc.

3. Motivacións para a incorporación á actividade agraria
4. Recursos iniciais para incorporarse a actividade
5. Barreiras que se atoparon/atopan
6. Actitudes
7. Futuro
8. Retrospectiva e recomendacións
9. Caracterización da persoa nova entrante e da explotación: onde naceu, formación, experiencia, etc.

Nesta actividade tamén se elaborou o produto P.1.2, a metodoloxía empregada para a súa elaboración baseouse en propoñer un conxunto de reflexións acerca daqueles aspectos da implementación do PEPAC que se consideran máis relevantes para maximizar o impacto positivo.

2.2.1.4. Elaboración de recomendacións para a PAC

Tendo en conta o coñecemento adquirido coa caracterización dos perfís das persoas novas entrantes na agricultura en Galicia e dos seus procesos de incorporación, fíxose unha revisión das principais intervencións do PEPAC de Galicia con vista a realizar suxestións de axuste para maximizar o seu impacto neste tipo de instalacións.

2.2.2. Actividade 2: Ferramentas de apoio na identificación e acceso a terras de aptitude agraria (A2)

Nesta actividade, abordouse o acceso a terra (de calidade) dende diferentes perspectivas. Leváronse a cabo as seguintes tarefas:

- Elaboración dunha proposta metodolóxica para a identificación de oferta potencial de terras agrarias a nivel parroquial.
- Desenvolvemento da plataforma six-web para apoio ao acceso a terra a nivel local
- Elaboración da guía de apoio para o acceso á terra, que se basou, á súa vez, na realización dunha escolma de boas prácticas e casos de éxito exemplarizantes nos procesos de busca e acceso á terra.

2.2.2.1. Proposta metodolóxica para a identificación de oferta potencial de terras agrarias (P.2.1)

Desenvolveuse un indicador de potencial parroquial que avalía a oferta potencial de terras para a incorporación agraria. O indicador constrúese calculando a suma ponderada dos valores normalizados de variables relevantes para a caracterización das estruturas fundiarias e a mobilidade de terras. Ditas variables seleccionáronse a partir dunha revisión bibliográfica e da experiencia nesta materia do Laboratorio do Territorio da USC.

Os ámbitos que se consideraron máis importantes son as estruturas de propiedade e xestión, capacidade produtiva e o grao de aproveitamento actual.

2.2.2.2. *Desenvolvemento da plataforma SIX-Web*

Paralelamente desenvolveuse un visor SIX-WEB TERRACTIVA, deseñando a base de datos, interface, formularios precisos, e cargando as capas base necesarias.

Para o seu desenvolvemento utilizáronse varios linguaxes segundo se estea considerando o frontend ou o backend. O frontend está desenvolto con tecnoloxías JS/React e coa librería OpenLayers para a visualización gráfica dos mapas. O backend está programado en Java, utiliza Tomcat como servidor e PostgreSQL/PostGIS como base de datos. Para o servidor de mapas úsase QGISServer e sírvese a través de Apache.

2.2.2.3. *Elaboración da Guía de apoio ao acceso á terra*

Inicialmente fíxose unha busca, revisión e análise de ferramentas/iniciativas existentes en distintos país europeos, así como noutras rexións do Estado, de apoio ao acceso á terra nos procesos de incorporación á agricultura, en particular no caso das persoas novas entrantes.

Adicionalmente, tamén se fixo unha revisión dos instrumentos de xestión, administración e mobilidade de terras existentes en Galicia, especialmente no marco da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Finalmente, analizáronse os resultados das enquisas e das entrevistas, identificando os elementos máis salientables por parte das persoas novas entrantes en relación ó acceso á terra.

Apoiándose no coñecemento experto proporcionado polos parceiros do grupo operativo a través da realización de dous talleres temáticos, e nos resultados obtidos nas actividades previas, estableceuse un índice a desenvolver con catro puntos clave:

- Por que, para que e para quen?
- Contexto Galego
- Rol da entidade de apoio para o acceso á terra
- Apoio nas diferentes fases

Identificáronse fontes de información, modelos documentais, e definíronse distintos niveis de implicación das entidades de apoio no acceso a terra a distintos niveis e nas distintas fases identificadas.

2.2.3. Actividade 3: Desenvolvemento de ferramentas para guía e acompañamento na incorporación de novos entrantes (A3)

Esta actividade implicou a realización das seguintes tarefas:

- Elaboración da guía para apoiar a persoas novas entrantes na agroecoloxía
- Punto piloto de apoio ás persoas novas entrantes na agroecoloxía na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo
- Exploración das vías para a formación dunha rede de apoio ás persoas novas entrantes na agricultura en Galicia

2.2.3.1. Elaboración da guía para apoiar a persoas novas entrantes

Para a elaboración da guía utilizáronse os diferentes materiais e resultados parciais previos do proxecto. Nun taller temático de traballo do persoal experto dos parceiros, e varias xuntanzas complementarias, estruturouse o índice de contidos. Nesa reflexión decidiuse integrar o manual de itinerarios tipo de incorporación na guía de apoio ós novos entrantes, dado que os itinerarios de incorporación depende da combinación de varias variables propias de cada persoa e contexto de incorporación, tanto sectorial coma territorial. Esta decisión baseouse na utilidade dos produtos xerados e manexabilidade e no relacionadas que están ambas cuestións. Así, a guía definiuse nunha proposta metodolóxica para apoiar as NE no proceso de incorporarse a agricultura, dirixida as entidades e profesionais que os acompañan e asesoran.

Na guía desenvólvense 5 puntos clave:

- Introducción
- Os roles e os axentes
- Análise de necesidades e recursos do proxecto
- Inicio da actividade e posta en marcha do proxecto
- Recursos e ferramentas

2.2.3.2. Punto piloto de apoio ás persoas novas entrantes

A acción piloto desenvolveuse na Reserva da Biosfera (RdB) das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, cuxa entidade xestora é o Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos. A acción piloto consistiu na aplicación a escala dese territorio das ferramentas desenvoltas durante o resto de actividades temáticas, de tal xeito que se acometeron as seguintes tarefas:

- Elaboración das guías de apoio a novos entrantes na incorporación na avicultura artesanal e a horta. Nesta tarefa, partindo da guía para apoiar a persoas novas entrantes na agroecoloxía, desenvólvense dúas versións da mesma

particularizadas para o territorio da RdB e para os sectores da avicultura artesanal e horta respectivamente.

- Cartografado da oferta potencial de terras agrarias no territorio da RdB. Aplicando a metodoloxía indicada no apartado 2.2.2.1 caracterizouse a superficie da RdB identificando o potencial de oferta de terra agraria a nivel parroquial.
- Inventario de recursos de interese para incorporación na RdB e elaboración das capas SIX para incorporar ao visor xeográfico, xerándose a capa de recursos para a incorporación da RdB.




Ilustración 2 Tipos de recursos inventariados e detalle sobre o visor da RdB das Mariñas Coruñesas

- Desenvolvemento da web 'Incorpórate ás Mariñas', portelo de información para o apoio ás persoas novas entrantes.

2.2.3.3. Orientacións para unha rede de apoio á incorporación de persoas novas entrantes

Toda a información xerada no proxecto, foi complementada cos talleres realizados con axentes clave (persoal de cooperativas agrarias, persoal de Grupos de Desenvolvemento Rural e técnicos das Oficinas Rurais da Consellería do Medio Rural), para identificar as temáticas e posibilidades do traballo en rede para o apoio ás persoas novas entrantes. Adicionalmente, dirixiuse un cuestionario online a representantes destes colectivos para recabar información complementaria, cuxos resultados foron posteriormente abordados na xornada final do proxecto.

2.2.4. Xestión e coordinación (A4)


Esta actividade consistiu en:

- Coordinación e seguimento económico-administrativo.
- Seguimento técnico: organización de reunións mensuais dos responsables de actividade.

2.2.5. Comunicación e divulgación

Desenvolvéronse diversas accións para a difusión dos resultados e avances do proxecto. Esta subdividiuse en varias tarefas:

- Tarefa 5.1: elaborouse do plan de comunicación detallado, incluíndo o deseño da identidade visual de TERRACTIVA. No contexto do plan de comunicación desenvolveuse unha páxina web de proxecto.
- Tarefa 5.2: elaboráronse seis vídeos de divulgación do proxecto.
- Tarefa 5.3: publicación de posts en RRSS, nas páxinas web dos socios e elaboración de notas de prensa.
- Tarefa 5.4: deseño do folleto-infografía de resultados.
- Tarefa 5.5: webinar e xornada final de presentación final de resultados.



Vídeo 1: dispoñible neste [link](#)



Vídeo 2: dispoñible neste [link](#)



Vídeo 3: dispoñible neste [link](#)



Vídeo 4: dispoñible neste [link](#)

Ilustración 3 Captura dalgúns dos vídeos de divulgación elaborados




Ilustración 4 Notas de prensa elaboradas o longo do proxecto. Pódense atopar na [na web de Terractiva](#).



Ilustración 5 Celebración do webinar, momento de presentación da guía xeral. A nota de prensa relativa ó evento pode ser consultada na [web de Terractiva](#).




Ilustración 6 Alguns dos animais que visitamos durante a xornada final celebrada o 11 de setembro en Graxas da Lousada (Irixoa). A nova do evento pode atoparse no seguinte [vínculo](#).

3. Resultados

3.1. Resultados da Actividade 1

3.1.1. Informe dos perfís de novos entrantes na agricultura en Galicia (P.1.1)

Os seguintes resultados correspóndense cos datos obtidos nas enquisas de caracterización recollidas entre os meses de marzo e decembro do ano 2023. Os resultados da caracterización das persoas novas entrantes na agricultura en Galicia amosan unha alta heteroxeneidade en canto á base territorial, orixe laboral ou rendibilidade, así como unha aposta clara pola produción agro-ecolóxica. A continuación recóllense os máis salientables¹:

- **Xénero**

Na totalidade das preguntas, respostouse cos xéneros feminino e masculino, habendo aproximadamente un terzo de respostas por parte do xénero feminino fronte a dous terzos do masculino (31 respostas para o xénero feminino fronte 56 para o masculino), e non habendo ningunha resposta fóra do binarismo de xénero.

- **Idade de incorporación**

En canto á idade, antes dos 40 anos incorpóranse un 75% dos homes, fronte a un 65% das mulleres. No caso delas obsérvase certa tendencia a incorporarse máis entre os 36 e

¹ A análise dos datos obtidos foi obxecto do Traballo Fin de Master de Guillermina Fernández Villar.

os 40; pola contra, no caso dos homes as incorporacións comezan algo antes, pero son igual de numerosas ata antes dos 45. O valor modal de incorporación no caso das mulleres é de 36 anos, e de 33 no caso dos homes.




Ilustración 7 Idade de incorporación por rangos de 5 anos e xénero.

4. Localización

As respostas obtidas atópanse espalladas por toda a comunidade galega, sendo A Coruña a provincia con maior número de explotacións (33%), seguida de Pontevedra (29%), Ourense (20%) e, por último, Lugo (18%).

Son as provincias de Coruña e Pontevedra as que teñen unha maior densidade de casos, chegando ás catro explotacións no concello de Meaño e ás tres no de Vilagarcía de Arousa, sendo ademais estes concellos os de menor superficie. Pola contra, nas provincias de Ourense e Lugo apenas se atopan concellos con unha densidade maior de unha explotación por concello, coa excepción do concello de Vilalba, que conta con dúas. A realidade demográfica das provincias interiores pode ser un factor explicativo desta distribución (menos poboadas e máis envellecida).

Explotación por concello	Nº de concellos	Nº de explotacións
1	48	48
2	13	26
3	3	9
4	1	4

Ilustración 8 Concellos con 1, 2, 3 ou 4 explotacións.




Ilustración 9 Distribución das explotacións por concello.

5. Procedencia

Non se conta con datos dispoñibles da procedencia de cada entrante con respecto ao concello de residencia actual; porén, segundo os datos recollidos, para un 37% das explotacións, a residencia de cada xefe/a de explotación difire do concello onde se atopa a explotación.

Nos concellos da montaña lucense e ourensá, as explotacións e a vivenda atópanse na súa maioría no mesmo concello. Porén, no concello de Meaño tres persoas non viven no mesmo concello da explotación; nos concellos de Cambre, Vilanova de Arousa e Oza, hai dúas persoas que non viven no mesmo concello ca onde se atopa a explotación, que son á súa vez os concellos onde maior concentración de explotacións se atopan.




Ilustración 10 Distribución das explotacións no mesmo concello de residencia do/a propietario/a.




Ilustración 11 Distribución das explotacións en distinto concello ao de residencia do/a propietario/a.

6. Tempo de dedicación

Arredor dun 70% dos novos e novas entrantes traballan a tempo completo na súa explotación e, no caso das persoas que o fan a tempo parcial, a maior parte indica que dedica o 50% da súa xornada laboral.

Tempo de dedicación	Mulleres	Homes
T. Completo	23	39
T. Parcial	10	18
<50 %	2	6
50 %	5	7
>50%	2	3
En branco	1	2

Táboa 3. Proporción do tempo de dedicación por xénero.

Das persoas que traballan a tempo completo un 43,6% obteñen o 100% da renda desta actividade. A pesar diso, non se pode determinar se esa renda sexa suficiente ou próxima á renda agraria media.

Os datos mostran tamén que algunhas persoas, a pesar de dedicarse a tempo completo á actividade agraria, non son quen de obter un volume de ingresos suficiente. Temos 5 mulleres e 5 homes que declaran dedicarse a tempo completo á explotación mais os ingresos da actividade agraria non chegan a supoñer un 25% da renda total. Non se pode estimar cal é a motivación que lles leva a manter esta actividade como complementaria cando a renda non supón un 100% da total, nin cales son as horas reais de traballo.

7. Ingresos

As Figuras 9a e 9b mostran, segundo xéneros, o rango de ingresos sobre a renda total que as persoas novas entrantes declaran ter e ademais, para cada rango, mostra o número de persoas que declaran dedicarse a tempo completo ou parcial (e dentro deste, os rangos de dedicación) a dita actividade.

Na meirande parte dos casos existe unha correspondencia entre ambos aspectos; malia todo, cabe destacar, por unha banda, as persoas que ingresan menos do 25% da súa renda total dedicándose a tempo completo á explotación; e aquelas que, dedicándose a tempo parcial, perciben o total da súa renda a través da actividade agraria.

Na primeira casuística destaca que, sendo todas dirixidas por homes, en tres dos cinco casos trátase de explotacións de cabrún (dúas de leite e unha de carne); así como que, en catro dos cinco casos aseguran producir baixo principios agroecolóxicos; dúas estas explotacións dispoñen de certificación en agricultura ecolóxica. Mentres en tres dos casos contaban con experiencia laboral nun sector distinto do agrario de máis de 10 anos, os dous restantes contaban con experiencia de menos de 5.

Obsérvase tan so un caso de NE que cun 100% da renda procedente da actividade agraria declara exercer esta actividade a tempo parcial. É o caso dunha persoa de xénero masculino dedicada á horticultura convencional.

Un total de 38 persoas, é dicir, un 43,6% das respostas, dedícanse ao 100% á explotación e obteñen da mesma un 100% dos beneficios da súa renda.





Ilustración 12 a e b. Rango de ingresos sobre a renda e tempo de dedicación dentro de cada rango - mulleres e homes.

Nos cinco anteriores anos á diseminación da enquisa, as persoas incorporadas non semellan tender a aumentar o rango de ingresos co tempo. De feito, máis da metade das persoas incorporadas no ano 2022 aseguran ingresar entre o 75 e o 100% da súa renda

coa actividade agraria. Si se observa que, a maior novidade, as porcentaxes de ingresos por debaixo de 25% aumentan a súa presenza.




Ilustración 13 Ingresos segundo ano de incorporación s.

9. Punto de partida

Á pregunta “A explotación estaba en funcionamento cando te incorporaches?” un 17% responderon acceder a explotacións en funcionamento; no caso das respostas restantes, non é posible determinar se se incorporaron creando unha explotación de cero ou accedendo a unha que fora creada con anterioridade pero que estivera pechada.

Das primeiras, soamente dúas respostaron non ter parentesco coas persoas donas. Trátase dunha explotación de ovino e outra hortícola, ambas dirixidas por mulleres.

En 9 de 17 casos a explotación pertencía aos pais; no caso dunha persoa correspondíase cun irmán; e no caso de tres persoas correspondíase coa parella. Nos tres casos en que a explotación pertencía á parella, trátase de mulleres novas entrantes. Considéranse novas entrantes posto que contan con experiencia noutros sectores alleos ao agrario, e porque a súa actividade neses sectores se desenvolveu durante os últimos dez anos en activo.




Ilustración 14 Incorporacións a explotacións en funcionamento e ausencia/presencia de relación co xefe/a de explotación.

10. Experiencia previa en sectores distintos do agrario

Un 77% das persoas enquisadas manifestou ter experiencia laboral previa en sectores diferentes ao agrario, flutuando entre menos de 1 e un máximo 35 anos.




Ilustración 15 Anos de dedicación en sectores distintos do agrario.

Así, o 61% das mulleres enquisadas ten experiencia noutros sectores, fronte a un 84% dos homes. No caso delas, a experiencia en sectores distintos no agrario está principalmente entre os 5 e 15. O tempo medio de dedicación coincide en ámbolos dous casos, con 12 anos, mentres que o máximo respostado é de 25 anos no caso das mulleres, e 35 no dos homes.




Ilustración 16 Anos de experiencia en sectores distintos do agrario.

En total, 8 mulleres e 6 homes indicaron non ter experiencia en ningún outro sector. Delas, a metade tiñan máis de 40 anos cando se incorporaron, e as outras catro, entre 26 e 35. Soamente unha non superaba os 30 anos. Non se pregunta de forma explícita se se ten experiencia ou certos coñecementos previos no sector agrario.

En concreto, 7 persoas responden á pregunta opcional de “En que sector tes experiencia?”. As respostas foron: sector forestal, conductor e mariñeiro, educación social, administración laboral, educación en xardinería, automoción e animadora de tempo libre.

11. Tipo de aproveitamento

Do total das respostas, un 55% destas correspóndense con explotacións hortícolas, mentres que un 28% son explotacións gandeiras e o resto, un 17%, explotacións de produción mixta. A Táboa 3 mostra os datos absolutos obtidos no inquérito. Con todo, malia que as explotacións hortícolas sexan as que máis abundan, son tamén polo xeral aquelas que menor superficie xestionan. De media, as explotacións de produción hortícola xestionan 19,3 hectáreas; as de produción animal, 38,7 hectáreas; e as mixtas, 12,33 ha.

	Producción mixta	Producción gandeira	Producción hortícola	Total
<i>A Coruña</i>	9	8	12	29
<i>Lugo</i>	2	6	8	16
<i>Ourense</i>	3	7	7	17
<i>Pontevedra</i>	1	3	21	25
Total	15	24	48	87
Superficie media (ha/expl.)	12,33	38,7	19,35	23,46

Ilustración 17 Tipo de aproveitamento e superficie media de explotación por provincias.

As persoas NE da provincia de Pontevedra están orientadas cara a produción de horta, máis do 80%, cando, a nivel xeral de Galicia, esta está á par e pola cola en produción hortícola con Ourense. Nas outras tres provincias a produción gandeira e mixta ten unha relevancia maior.




Ilustración 18 Producións segundo provincia.

Os resultados mostran coma unha maior proporción das mulleres se decanta pola produción hortícola, mentres que no caso da produción animal, unha grande maioría de

xefaturas de explotación se corresponden con homes (un 85% do total das explotacións animais están dirixidas por eles).

Cando se trata de produción hortícola, esta inclúe diversos tipos de produción que non se adoitan desagregar, polo que non podemos saber que producións destacan e se as mesmas explotacións son máis ou menos diversificadoras. Por iso non se rexistran datos de que tipo de produtos son os que se cultivan dentro do espectro da horticoltura. Non ocorre o mesmo, por exemplo, coas producións de cabrún ou vacún que si se diferencian en producións de carne e leite. En total téñense rexistrado once explotacións de vacún de carne, ningunha de leite, e sete de cabrún e ovino.

Destaca tamén a produción apícola, cun 10% do total das respostas, un 7% tamén do total (9 e 6 de 87, respectivamente) sen complemento con ningunha outra actividade produtiva. Todas as persoas correspóndense co xénero masculino, e dúas destas cinco persoas indican que a apicultura supón un 100% dos seus ingresos con respecto á renda total.



Ilustración 19 Tipos de aproveitamentos divididos segundo xénero.

12. Modelos produtivos

En canto aos modelos de produción elixidos, lánzase a pregunta de cal é o modelo produtivo ao que está adscrita a explotación, dando a elixir entre o modelo convencional, e o agroecolóxico con ou sen certificación. Enténdese como modelo agroecolóxico o descrito na introdución deste documento.

Cerca do 40% das persoas produtoras manteñen sistemas de produción convencional. No caso da produción agroecolóxica, un 56% das mulleres producen segundo principios agroecolóxicos, un 20% con certificación de produción ecolóxica; no caso dos homes, esta proporción ascende ao 30%, é dicir, a pesar de ser valores equiparados, os homes optan en maior medida pola certificación.




Ilustración 20 Modelos produtivos - mulleres e homes.

13. Orientación da explotación

O dobre das persoas enquisadas afirma producir baixo unha orientación intensiva fronte á extensiva. Unha persoa declara a orientación da súa explotación como permacultural, outra persoa en secaño e dúas en semiextensivo.

Estes tres casos correspóndense con unha explotación vitícola no caso do secaño; unha explotación de cabrún de carne no caso da resposta de 'semiextensiva'; e unha explotación hortícola mixta no caso da resposta 'permacultura'.

15. Base territorial

1. Tamaño das explotacións

As granxas das NE identificadas, tal e como mostra a Figura 23, atópanse nun 69% por debaixo das 5 hectáreas, atopándose o groso destas, máis do 50%, por debaixo das 2,5 hectáreas.




Ilustración 21 Proporcións de explotacións segundo superficie indicada.

Na Figura 24 móstrase a proporción de superficie das explotacións por rangos que pertencen aos homes e ás mulleres da mostra. Obsérvase que, no caso dos homes, estes contan coa maior proporción de explotacións de maior tamaño.




Ilustración 22 Explotacións segundo o rango de superficie e xénero.

2. Réximes de tenza

Tendo en conta a especial atención prestada por parte da literatura e das políticas ao acceso á terra por mor das barreiras que este presenta, dedicouse un apartado do inquérito aos réximes de tenza da terra vencellada aos proxectos de cada entrante.

A enquisa deseñouse de tal forma que cada xefe/a de explotación puidera especificar cal era a proporción de terras que xestionaba segundo que réxime de tenza, sendo estes: propiedade, arrendamento, cesión, comunal e outro. A Figura 25 mostra as respostas obtidas, onde a propiedade é o réxime máis habitual, seguido do arrendamento e a

cesión case a partes iguais. Así, un 78% persoas aseguran contar con algunha parcela en propiedade, polo tanto ata un 22% aseguran non ter nada en propiedade. En canto ao arrendamento, un 41% asegura ter algunha parte arrendada, e polo tanto, un 59% non ten nada arrendado. A pesar de xa ser un valor moito máis reducido, un 4% das respostas aseguran ter parte do territorio en zonas comunais, a pesar de que en ningún dos casos se trate da totalidade da superficie.




Ilustración 23 Total da base territorial segundo porcentaxe de réxime de tenza.

Destaca tamén que, das mulleres que responderon contar con terras en propiedade, nun 45% dos casos teñen todo en propiedade.

A propiedade é un réxime bastante recorrente, cun 27% das respostas que aseguran ter todo en propiedade, e un 6% que asegura ter toda a superficie arrendamento. O certo é que este perfil mostra unha alta heteroxeneidade en canto aos réximes de tenza, mesturando nun 61% dos casos dous ou máis réximes nunha mesma explotación.

Daquelas explotacións que combinan exclusivamente superficie en propiedade e arrendamento (o 30% das respostas), na maior parte dos casos a superficie en propiedade supera o arrendamento. No resto dos casos combínanse réximes de cesión, aluguer, ou outro tipo de réxime de tenza.

Das explotacións cuxa base territorial é propia ao 100%, 13 contan con menos de 1 ha; 2 entre 1 e 2 ha; 3 entre 2 e 5 ha; 3 entre 5 e 10; e dúas con máis de 10 ha. É dicir, un 40% destas xestiona 0,5 ha ou menos, e un 35% máis de 2,5 ha.

Doutra banda, o número de terras arrendadas e en cesión é moi semellante, aínda que na maior parte dos casos se trate de parcelas de pequenas dimensións. Das explotacións coa totalidade de terras en arrendamento, un 40% destas teñen máis do 50% baixo dito réxime. No caso das terras en cesión, a terceira parte das explotacións con algún terreo deste tipo conta cunha proporción maior ao 50%, dúas delas coa totalidade da súa base territorial cedida.

Soamente en catro casos se empregan terras en espazo comunal, dos cales tres se corresponden con explotacións gandeiras, e todas rexidas por homes. Tres das cinco explotacións coa maior superficie dispoñible contan con terreos neste tipo de réxime de tenza.

A superficie das respostas do inquérito suma un total de 1255,88 ha, das cales 1130,44 hectáreas son xestionadas por homes (un 90%), e 125,44 ha, por mulleres (o 10% restante). Así, a superficie media xestionada por homes NE é de 20,18 ha por explotación (que se sitúa en 12,6 ha se non contamos as explotacións de maior superficie que distorsionarían os datos), fronte a 4,33 ha por explotación no caso das mulleres. Nótese que estas cifras inclúen 85 explotacións, posto que as dúas restantes son explotacións apícolas das que só dispomos de número de colmeas; 250 unha e 400 outra.




Ilustración 24 Numero de explotacións e SAU xestionada segundo xéneros.

3. A base territorial correspóndese co patrimonio familiar?

Esta pregunta refírese a se a actividade se desenvolve en terreos que son ou foron nalgún momento parte da familia da persoa enquisada, sen necesariamente ter que se corresponder con unha herdanza. Por exemplo, explotacións que aproveitan terreos que pertencen a tíos, avós, ou mesmo á parella. En canto a isto, en total un 64% dos casos correspóndense con unidades produtivas que incorporan terreos vencellados á unidade familiar en maior ou menor proporción, e un 23% das persoas enquisadas desenvolve a súa actividade en terreos nun 100% vencellados á familia.

A Figura 27 mostra a relación entre os proxectos vencellados á unidade familiar e a superficie. Se se obvian os proxectos vencellados a terreos comunais, podería indicarse unha vinculación directa entre a vinculación dos terreos familiares a aquelas explotacións de menos tamaño.




Ilustración 25 Proxectos vencellados e non á unidade familiar segundo superficie.

16. Familiares con actividade agraria previa

Un 46% das persoas enquisadas afirma ter parentes que, no pasado ou actualmente, se manteñen en contacto co sector agrario.

17. Axudas e apoio económico

Un 41% das persoas enquisadas indica ter recibido algún tipo de axuda económica para a incorporación á actividade. Tendo en conta a idade na data de incorporación, un 31% das persoas enquisadas puido ter recibido as axudas á incorporación de agricultores mozos, posto que o 10% restante ten máis de 41 anos de idade.

No seu conxunto, este estudo abre as portas a novas investigacións así mesmo que poñan un maior esforzo na caracterización cualitativa de NE e nas externalidades que moldean a ditas persoas no sector agrario.

3.1.2. Recomendacións para o axuste e mellora das liñas de apoio clásicas ao relevo xeracional na agricultura (P.1.2)

Os apoios que pon en marcha o PEPAC son diversos e articúlanse fundamentalmente a través das chamadas intervencións. Cada intervención é un tipo de axuda, dirixida a un tipo de beneficiarios, cunha serie de gastos e/ou investimentos elegibles que contribúan a uns obxectivos concretos, polo xeral asociados á súa vez a unha serie de compromisos e requisitos a ser cumpridos.

O PEPAC pode consultarse na súa integridade [na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación](#).

No caso do apoio ás persoas novas entrantes na agroecoloxía son varias as intervencións previstas no PEPAC que, de xeito directo ou indirecto, poden resultar de interese no proceso de incorporación, tanto nas primeiras etapas como na súa consolidación e expansión.

O apoio ás persoas novas entrantes na agricultura pode articularse a través de catro subliñas, todas elas con reflexo potencial nalgunha intervención do PEPAC de Galicia:

- Acceso a terras e/ou explotacións agrícolas
- Apoio á instalación e creación de empresas agrarias
- Formación, tutoría e asesoramento
- Sensibilización e información

No seu conxunto, buscan abordar de xeito integral os principais retos aos que se enfrontan os agricultores mozos e os novos agricultores. A súa aplicación coordinada e, na medida do posible, adaptada caso por caso, incrementará o seu impacto.

Ademais, haberá que facilitar unhas condicións ambientais favorables en materia de acceso á vivenda, servizos básicos e dinámicas sociais atractivas. Isto afecta ao relevo xeracional en xeral no rural, pero sen dúbida con especial incidencia na incorporación das persoas á actividade agraria.

As necesidades das persoas que se incorporan á agricultura son diferentes entre si. As actuacións terán que contemplarse dende o caso clásico que tradicionalmente contemplaron as políticas, o dun mozo que se suma á explotación dos seus pais, xa cunha certa dimensión, no que creceu e co que pretende continuar sen importantes alteracións, incluso a dun novo entrante, procedente dun medio urbano, sen experiencia agrícola previa e sen terreos.

Para aplicar este enfoque integral será necesario combinar actuacións tanto no marco do PEPAC como outras que se implementen de forma complementaria e coordinada para contribuír ás anteriores. Dentro destas últimas destacan dous: os mecanismos previstos na Lei 11/2021 de Recuperación do Solo Agrario de Galicia (en diante LERETEAGA) e as accións de coordinación, goberno e fomento que se poñen en marcha directamente cos medios propios do Rural Consellería de Medio Ambiente, de creación existente ou futura.

A continuación faise un resumo das principais recomendación para cada unha das subliñas plantexadas:

Acceso a terras e/ou explotacións agrícolas

A mobilización de terras agrarias constitúe en si mesma unha liña estratéxica e como tal as actuacións previstas para potenciala descríbense nun apartado específico. Neste apartado menciónanse aqueles elementos de deseño que apoian sinérgicamente o cambio xeracional na medida en que se centran nos agricultores mozos e/ou novos agricultores.

Este apoio sinérxico pódese activar especialmente a través de:

- O apoio á incorporación mediante o plus de instalación, tanto de mozos (ata 40 anos) como de novo ingreso (41 a 55 anos), actúa de xeito transversal en todas as subliñas. Ao non ser finalista, a axuda de instalación poderá destinarse a gastos de adquisición de terreos e/ou aluguer, se é o caso. Estableceranse complementos adicionais no caso de incorporación de mulleres e na creación de novas explotacións. Así mesmo, poderán asignarse complementos nas incorporacións intermediadas polo Banco de Explotación previstas no art. 15 da LERETEAGA.
- Apoio á adquisición de terreos mediante apoio a investimentos, incluídos aqueles con instalacións agrícolas en desuso.
- Apoio á transmisión de explotacións mediante a cooperación entre o agricultor cedente e a/s persoa/s que se incorporan á actividade agraria, con ou sen intermediación do Banco de Participación. Esta cooperación busca facilitar a transición da explotación, promovendo a transferencia interxeracional de coñecemento e facilitando a [re]orientación e mellora dos modelos produtivos, se é o caso.
- A priorización da mocidade ou de novo ingreso nos instrumentos de mobilización de terras previstos na LERETEAGA.

Apoio á instalación e creación de empresas agrarias

O apoio á instalación de mozos agricultores ou de nova incorporación axudará aos mozos a iniciar a actividade agraria fomentándoos economicamente e facilitando o acceso aos recursos. Crearanse incentivos para unha maior cualificación e orientación estratéxica da explotación, ao tempo que se melloran os estándares relativos ao medio ambiente, a hixiene e o benestar animal. Prestarase atención a favorecer a incorporación de mulleres e aquelas que teñan lugar en zonas con condicións menos favorables. Tamén se poderán priorizar as incorporacións ou creación de explotacións agrarias en subsectores produtivos emerxentes, para favorecer a diversificación do conxunto do sector. O apoio será:

- Bono de incorporación, unha axuda a tanto alzado para aqueles mozos (menores de 41 anos) ou de novo ingreso (entre 41 e 55 anos) que se incorporen á actividade agraria. Esta axuda estará asociada a un plan de empresa no que se analice a situación actual e o obxectivo da operación, así como as actuacións necesarias para conseguilo.
- Priorización no acceso ao apoio aos investimentos en explotacións agrarias, tanto produtivas como non produtivas.
- Acceso á Reserva Nacional de dereitos de pagamento da Axuda da Renda Básica para a Sostibilidade.
- Pagamento complementario aos mozos

Formación, tutoría e asesoramento

O acceso ao coñecemento e o desenvolvemento de habilidades técnicas e de xestión, entre outras, das persoas que se incorporan ao agro é un factor fundamental para favorecer a viabilidade das súas actividades. Proponse un conxunto completo de accións para facilitar a formación e o asesoramento continuos aos agricultores novos e aos novos incorporados.

- Formación. Implementaranse programas de formación profesional continua en agricultura e silvicultura (presencial, semipresencial e a través de teleformación), complementarios aos sistemas educativos regrados e con especial atención aos mozos agricultores e forestais. Dentro do conxunto de accións formativas descritas na liña estratéxica de Fortalecemento e dinamización do Sistema Galego de Coñecemento e Innovación Agroalimentaria e Forestal (SGCIAG), resultan de especial interese para o apoio ao relevo xeracional:

o Cursos de formación e formación (presencial, semipresencial, telepresencial ou en liña) dirixidos a impartir formación básica e posibilitar a formación para o exercicio profesional do sector.

o Intercambios ou estadías de curta duración (ata seis meses) en explotacións da Unión Europea e visitas curtas a explotacións agrícolas e forestais

o Adicionalmente, o plan de empresa vinculado ao soporte da instalación identificará as necesidades de formación e asesoramento necesarias e/ou interesantes para o seu desenvolvemento (INT. 6961.1-2)

Tutorías.

O soporte de instalación estará vinculado a un proceso de tutoría durante o proceso de instalación, como un dos compromisos para obter axudas. Paralelamente, impulsarase a creación de servizos de tutoría a través da colaboración público-privada tal e como reflicte a liña estratéxica de fortalecemento da SGCIAG. Os servizos de tutoría acompañarán á persoa que se incorpore tanto na definición do plan de empresa como na súa execución, se é o caso, durante os primeiros anos de constitución.

- Asesoramento. Ademais da tutoría inicial, facilitarase a mocidade e a nova incorporación ao sistema de asesoramento agrario público-privado, tal e como se describe na liña de estratexia de reforzo do SGCIAG antes referida. Adicionalmente, o plan de empresa vinculado ao soporte da instalación identificará as necesidades de formación e asesoramento necesarias e/ou interesantes para o seu desenvolvemento.

Sensibilización e información

A atracción e a retención de mozos na actividade agraria esixe que sexa atractiva e axeitadamente valorada a nivel social. En boa medida, o primeiro paso é transmitir unha imaxe realista, pero positiva, dela, así como visibilizar as múltiples oportunidades de desenvolvemento profesional e empresarial e tamén de vida que o sector agrario e, en xeral, o medio ambiente. ofrece hoxe rural. Ademais, é importante informar de forma adecuada e proactiva sobre o marco de apoio existente. Para conseguilo, propónse levar a cabo as seguintes actuacións:

- Campañas de información e sensibilización para mellorar o coñecemento por parte da sociedade en xeral e da mocidade en particular da realidade do sector agrario e especialmente das oportunidades e apoio ao desenvolvemento da actividade agraria.
- Actividades cooperativas para achegar a mocidade en idade escolar á actividade agraria mediante xornadas de integración, visitas e campamentos agrarios, entre centros de formación ou ANPAs e entidades do sector agrario.
- Creación do Portal Único de Incorporación á Actividade Agropecuaria coa finalidade de ofrecer unha información completa ás persoas interesadas en incorporarse á actividade agraria, especialmente sobre todas as liñas e instrumentos de apoio que pon a disposición da Administración.
- Dinamización e dinamización por parte dos Grupos de Desenvolvemento Local. Fomentaranse as estratexias de desenvolvemento local promovidas no marco LEADER para incluír o fomento do relevo xeracional como elemento transversal.

3.2. *Resultados da Actividade 2*

3.2.1. *Metodoloxía de avaliación da oferta potencial de terras agrarias aptas para acoller novas actividades agrarias a nivel parroquial e mapas de oferta potencial na RdB das Mariñas (P.2.1 - P2.2)*

Elaboráronse dous documentos: [Metodoloxía de avaliación da oferta potencial de terras agrarias aptas para acoller novas actividades agrarias a nivel parroquial](#) (P.2.1) e tamén os [mapas de oferta potencial](#) (P.2.2).

A avaliación de oferta potencial de terras agrarias aptas para acoller novas actividades agrarias a nivel parroquial divídese en dúas fases, cunha primeira aproximación en gabinete, que debe, en última instancia, validarse con traballo de campo para confirmar *in situ* que as terras identificadas cobren as necesidades da actividade que se quere desenvolver.

O traballo no proxecto TERRACTIVA centrouse na primeira, identificando unha serie de variables relevantes a nivel parroquial, para avaliar o potencial do territorio para acoller novas actividades agrarias, en particular en terras en estado de abandono ou infrutilizadas.

O obxectivo é obter un indicador de potencial parroquial que avalíe a oferta potencial de terras para incorporación agraria, e que se calcula como a suma ponderada dos valores normalizados das variables que se estableceron neste traballo como relevantes. Os ámbitos que se consideraron máis importantes son as estruturas de propiedade e xestión, capacidade produtiva e o grao de aproveitamento actual.

As variables seleccionadas enuméranse na seguinte táboa:

Variable	Sentido interpretación da variable	Factor de ponderación
Superficie abandonada en re-estruturación parcelaria (%)	Positivo	0,1
Superficie terra agraria infrautilizada (tipos 1-3,%)	Positivo	0,2
Superficie terra agraria infrautilizada (tipos 4-5,%)	Positivo	0,15
Densidade de explotacións	Negativo	-0,1
Tamaño medio de parcela (ha)	Positivo	0,15
Proporción de SAU declarada respecto superficie total	Negativo	-0,1
Superficie MVMC infrautilizada (tipos 1-5 (%))	Positivo	0,1
Parroquias con instrumentos de recuperación e de re-organización executados ou en curso (Aldeas modelo e ou polígonos agroforestais públicos)	Positivo	0,1
Nº Xefaturas de Explotación maiores de 60	Positivo	

Táboa 4. Variables de caracterización parroquial e valor do factor de ponderación..

A metodoloxía elaborada pódese extrapolar a todo o territorio de Galicia. No proxecto TERRACTIVA realizáronse os cálculos para as variables mencionadas para o territorio do GDR Mariñas – Betanzos. No seguinte mapa amósanse os resultados, coas parroquias cun valor potencial maior:




Ilustración 26 Distribución das parroquias con maior potencialidade por concello.

3.2.2. Compendio de boas prácticas e casos de éxito exemplarizantes nos procesos de busca e acceso a terras (P.2.3)

Como resultado desta actividade elaborouse o documento '[Apoio a novas e novos entrantes no acceso a terras: Experiencias inspiradoras](#)'.

**TERRACTIVA**
GRUPO OPERATIVO

APOIO A NOVAS E NOVOS
ENTRANTES
NO ACCESO A TERRAS

» EXPERIENCIAS INSPIRADORAS

**XUNTA
DE GALICIA**

Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



TÁBOA DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN	5	RESUMO DAS INICIATIVAS E EXPERIENCIAS	25
EXPERIENCIAS E FERRAMENTAS DE APOIO AO ACCESO Á TERRA: UNHA OLLADA A OUTRAS REXIÓNS EUROPEAS	7	INSTRUMENTOS DE MOBILIDADE E XESTIÓN DE TERRAS EN GALICIA	27
Reino Unido – Escocia	7	Instrumentos de mobilidade de terras	27
Reino Unido - Gales	8	Banco de terras	27
Francia	10	Banco de explotacións	29
Irlanda	14	Permutas de especial interese agrario	30
Austria	16	Instrumentos de xestión e de recuperación de terras	31
Portugal	18	Polígonos agroforestais	31
España	19	Agrupacións e actuación de xestión conxunta	35
Cataluña	20	Aldeas modelo	36
País Vasco	20	A EXPERIENCIA DE NOVAS E NOVOS ENTRANTES EN GALICIA NO ACCESO Á TERRA	39
Castilla León	20		
Illes Balears	20		
Extremadura	21		
Comunidad Valenciana	21		
Outras iniciativas	21		
Galicia	22		

Neste traballo recóllense e analízanse exemplos de iniciativas que están a apoiar a persoas novas entrantes na súa incorporación no sector agrario, con especial atención

no acceso á terra e/ou mellora da base territorial das súas explotacións. En total, dáse información e abondosas referencias de máis de 20 iniciativas inspiradoras de 7 países da UE, ademais doutras 7 Comunidades Autónomas en España.


RESUMO DAS INICIATIVAS E EXPERIENCIAS

	Materiais divulgativos e/ou taboleiro de anuncios	Intermediación oferta-demanda	Asesoramento para o acordo	Busca activa de terras	Busca activa de NE	Acompañamento desenvolvemento plan de xestión
Scottish Land Matching Service (Escocia)	●	●	●			●
Farm Advisory System (Escocia)	●					●
Farming Connect (Gales)	●	●	●		●	●
Puntos de Apoio á Instalación-PAI (Francia)						●
SAFER (Francia)	●	●		●	●	●
Directorio de Cese e Instalación (Francia)						
Servizo de transferencia de terras (Irlanda)	●	●	●			
Fundación Agrarkultur leben gGmbH (Austria)	●	●	●			
Asociación Perspektive Landwirtschaft (Austria)	●	●	●		●	
Bolsa Nacional de Terras (Portugal)	●	●				
Xarxa de Bancs de Terres (Cataluña)		●				
Fondo de solo agrario de Bizkaia (País Vasco)		●				
Fondo de solo agrario de Guipúzcoa (País Vasco)		●				
Banco de Tierras do Bierzo (Castilla León)		●	●			
Mallorca (Illes Balears)		●				
BOTREX (Extremadura)		●				
Banco de Tierras (C. Valenciana)		●	●			
BT para a horta murciana (Murcia)		●				
BT Agroecolóxicas (España)		●				
Banco de Terras de Galicia		●	●			
Aterra (Galicia)		●	●	●	●	
Nó Rural (Galicia)		●	●	●	●	
Víño e Froita, Condado Paradanta (Galicia)		●	●	●	●	
Epona Terra (Galicia)		●	●			
Horsal		●	●	●		●
CAP		●	●		●	●
Viveiro Emprendemento A.D.R Mariñas-Betanzos	●	●	●	●	●	●

3.2.3. Guía e inventario de recursos prácticos para guiar aos novos entrantes na búsqueda e acceso a terras agrarias. (P.2.4)

Elaborouse o documento '[Aterrando no sector agrario: Como apoiar ás persoas novas entrantes no acceso á terra?](#)'

**TERRACTIVA**
GRUPO OPERATIVO

ATERRANDO NO SECTOR AGRARIO

» *COMO APOIAR ÁS PERSOAS NOVAS ENTRANTES
NO ACCESO Á TERRA?*



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

A guía ofrece unha proposta metodolóxica para apoiar ás persoas novas entrantes no acceso á terra. Diríxese a aquelas entidades e profesionais que, en maior ou menor medida, están a acompañar e asesorar a estas persoas no inicio da súa actividade, e tamén a aquelas outras que queren comezar a prestar ese tipo de apoio. Ademais das Administracións Autonómica, Provinciais e Locais, outras organizacións como cooperativas, Grupos de Desenvolvemento Rural, entidades de aconsellamento e gabinetes técnicos e/ou outras asociacións e fundacións que traballen dinamizando o eido agrario ou rural estarían en disposición de abordar esta empresa.

O documento ten como finalidade:

- » inspirar unha reflexión global sobre o proceso de busca, selección, negociación e formalización do acceso ás terras por parte dun novo ou nova entrante,
- » sistematizar o tipo e o enfoque do apoio que a entidade pode dar a esas incorporacións ex novo á actividade agraria,

» proporcionar un modelo a partir do cal a entidade de apoio pode elaborar un manual práctico co cal dirixir a súa acción de acompañamento á persoa NE, axustándoo á súa propia situación, contexto territorial, recursos e capacidades.

A maiores, os enfoques, ferramentas e recomendacións que se presentan neste documento tamén poden ser de inspiración directa para as persoas novas entrantes.

Logo dun primeiro capítulo introdutorio a guía comeza, no capítulo 2, cunha breve descrición

das estruturas de propiedade e uso da terra en Galicia, que permite contextualizar o marco de acceso á terra no país. No capítulo 3, reflexiónase sobre o papel que as

Táboa de contidos

3

TÁBOA DE CONTIDOS

1. POR QUE, PARA QUE E PARA QUE?	5	4.3. Modalidades de acceso e negociación coas persoas propietarias	46
1.1. Novas e novos entrantes na agricultura	5	4.3.1. Na procura dun equilibrio: alugar ou mercar	46
1.2. Unha guía para as entidades que as apoian	7	4.3.2. Opcións colaborativas	47
1.3. Acceso a terras vs. acceso a unha explotación existente	8	4.3.3. Validar a realidade legal e administrativa das terras	50
2. O CONTEXTO GALEGO	12	4.3.4. Negociación	52
2.1. Estructuras de propiedade	12	4.4. Formalización e entrada	56
2.2. Usos da terra	15	4.4.1. Os arrendamentos a través do Banco de Terras de Galicia	56
2.2.1. Superficie agraria infrautilizada	16	4.4.2. Entidades colaboradoras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	57
2.3. A mobilidade de terras	17	4.3.3. Fiscalidade e axudas	58
2.3.1. Mercado de compra-venda	17	4.5. Acondicionado e comezo da actividade nas terras	59
2.3.2. Arrendamento e outras cesións do uso	18	4.5.1. Acondicionamento dos terreos	59
2.3.3. Banco de Terras de Galicia	18	4.5.2. Normativa	60
3. O ROL DA ENTIDADE NO APOIO PARA O ACCESO Á TERRA	21	4.6. Expansión	60
4. O APOIO NAS DIFERENTES FASES	27	BIBLIOGRAFÍA E ENLACES DE INTERESE	62
4.1. Caracterización das necesidades de terra para o proxecto	28	ÍNDICE DE FIGURAS E TÁBOAS	65
4.2. Busca e selección de terras para o proxecto	29		
4.2.1. O punto de partida	29		
4.2.2. Unha carreira de fondo	30		
4.3.3. Busca de terras	31		
4.2.4. Caracterización e selección de terras	42		

entidades poden adoptar para o desenvolvemento de tarefas de acompañamento a novas e novos entrantes. O apoio a este perfil de novas persoas labregas no seu acceso á terra pode darse de moitas formas e con diferente intensidade. Por iso, a primeira reflexión a facer por parte daqueles axentes ou organizacións que desenvolvan ou consideren desenvolver actividades de apoio nesta cuestión é a de definir o tipo de rol que queren, e poden, asumir. O capítulo 4 recolle recomendacións de como materializar o acompañamento ás persoas entrantes en cada unha das fases necesarias para acceder á terra: a busca, a selección, a negociación, a formalización e a implantación do proxecto. Inclúe numerosos exemplos de entidades que xa están a prestar ese apoio nalguna das etapas, extractados do Compendio de experiencias inspiradoras no apoio a persoas novas entrantes no acceso á terra (Pérez Rodríguez et al., 2024)¹. Finalmente, no capítulo 5 relaciónase bibliografía de interese.


A guía propón catro etapas diferenciadas no acceso á terra, tal e como amosa a seguinte figura extraída da mesma:



3.2.4. Plataforma six-web para apoiar na búsqueda de terras potencialmente mobilizables para novas actividades agrarias e para impulsar a intermediación entre oferta e demanda de terras a nivel local (P.2.5 e P.2.6)

O resultado desta actividade foi o deseño e programación do visor xeográfico, do cal se fixo o seu [despregue e configuración](#) con carácter piloto para o ámbito territorial do GDR Mariñas-Betanzos ([SIX WEB MARIÑAS BETANZOS \(cultivanasmariñas.gal\)](#)).

Amósanse a continuación unha serie de pantallas amosando diferentes funcionalidades do visor.




Visor xeográfico Táboas de elementos As miñas contribucións Crear elemento Administración

nieves Galego

Parámetros de configuración

Id ▲	Nome	Código ▲▼	Tipo de dato	Valor	Interface de usuario?	Accións
Buscar id	Buscar nome	Buscar código	Seleccionar tipo de dato	Buscar valor	Seleccionar interface de usuari	
1	Información do pé de páxina	FOOTER_INFO	Campo de texto con formato	SiTe ©2023	Si	 
2	Título da aplicación	APP_TITLE	Campo de texto plano	SIX WEB MARIÑAS BETANZOS	Si	
3	Favicon	APP_FAVICON	Imaxe		Si	 
4	Imaxe da barra de navegación	NAVBAR_LOGO	Imaxe		Si	  
5	Imaxe do pé de páxina 1	FOOTER_IMAGE_1	Imaxe	-	Si	
6	Texto do pé de páxina 1	FOOTER_TEXT_1	Campo de texto con formato	-	Si	
7	Imaxe do pé de páxina 2	FOOTER_IMAGE_2	Imaxe	-	Si	
8	Texto do pé de páxina 1	FOOTER_TEXT_2	Campo de texto con formato	-	Si	
9	Imaxe do pé de páxina 3	FOOTER_IMAGE_3	Imaxe	-	Si	
10	Texto do pé de páxina 3	FOOTER_TEXT_3	Campo de texto con formato	-	Si	

10 Amosando do 1 ao 10 de 67

<< < 1 2 3 4 5 > >>


Visor xeográfico Táboas de elementos

nieves Galego

Capas

Id ▲	Nome interno ▲▼	Nome público	Intervencións	Grupo de capas	Orde ▲▼	Accións
1	-	Google Maps	Observacións	Fondo	1	 
2	mtn_rasterizado	IGN	Observacións	Fondo	2	 
3	-	OpenStreetMap	Observacións	Fondo	3	 

+ Engadir capa

Engadir capa

Tipo 

Selecciona unha opción

- Selecciona unha opción
- WMS
- OpenStreetMap
- XYZ
- WMS da base de datos interna
- WMS de ficheiro shape adxunto

Inglés*

Orde *

☐ Inicialmente visible?



Grupo de capas *

Selecciona unha opción

Opacidade inicial da capa 

%

Aceptar Cancelar



Visor xeográfico
Táboas de elementos
As miñas contribucións
Crear elemento
Administración

nieves
Galego

+

E

1

0

?

+

+

+

L

Entidades tipo polígono - Polígono

Lenda

▼

Entidades tipo liña

▼

Entidades tipo polígono

▼

Entidades tipo punto

geometric_element_point

O visor xeográfico atópase no modo de modificación da xeometría. Pode modificar a xeometría facendo clic nela e arrastrando.

777362.04755487.6 - EPSG:25829
0 25 km 50 km

Crear entidades tipo polígono

Data verificación

dd/mm/aaaa

Técnico/a

Usos actuais


Outros límites

Contactos adicionais

Proposta de acción

Descrición

[illegible]



3.3. Resultados da Actividade 3

3.3.1. Guías de apoio ás persoas Novas Entrantes na agro-ecoloxía (P.3.1-P.3.2-P.3.3-P.3.4)

Como produto desta actividade obtívose a '[Guía para apoiar as persoas novas entrantes na agroecoloxía](#)'. Tal e como se indicou no apartado de metodoloxía, no proceso de análise levado a cabo no proxecto considerouse que os itinerarios por perfil de NE teñen que ser definidos, na práctica, caso a caso, por parte das entidades de apoio. Tendo en conta iso, a estrutura da guía de apoio ás persoas NE é modular e permite adaptarse a cada entidade de apoio, persoa nova entrante, territorio e sector.

A guía ofrece unha proposta metodolóxica para apoiar ás persoas NE no proceso de incorporarse á agricultura. Diríxese a aquelas entidades e profesionais que, en maior ou menor medida, acompañan e asesoran a estas persoas no inicio da súa actividade, e tamén a aquelas outras que queren comezar a prestar ese tipo de apoio. Ademais das Administracións Autonómica, Provinciais e Locais, outras organizacións como cooperativas, Grupos de Desenvolvemento Rural, entidades de aconsellamento e gabinetes técnicos e/ou outras asociacións e fundacións que traballen dinamizando o eido agrario ou rural



estarían en disposición de abordar esta empresa. Tamén pretende ser de utilidade para a Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego, aportando unha visión especializada nos novos proxectos agrogandeiros, eido cunhas singularidades que o diferencian de calquera outro ámbito de emprendemento.

Por tanto, as referencias como os interlocutores deben estar vinculados ao ámbito territorial da entidade que presta o acompañamento e que empregará a guía como ferramenta. Como exemplo desta adaptación, a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos elaborou, a partir desta guía xeral, dúas guías específicas:

» Guía de apoio á incorporación no sector da horta nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. » Guía de apoio á incorporación no sector da avicultura artesanal nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Estas guías pretenden xa ser de uso directo tanto pola propia Asociación, na súa tarefa de apoio aos NE, como directamente por parte desas persoas que queren iniciar ou están iniciando un proxecto de avicultura artesanal ou horticultura na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. A metodoloxía e o enfoque particularizados destas guías específicas, fai que a adaptación para outros GDR con acción de apoio nos sectores da avicultura artesanal, ou máis frecuentemente da horticultura, sexa relativamente sinxela.

A guía concíbese como unha guía xeral, que para ser plenamente operativa e útil, debe adaptarse a un contexto territorial específico e tendo en conta o rol e capacidades da entidade que a vai levar á práctica. É un modelo a partir do cal, seguindo a súa estrutura e suxestións, desenvolver un manual práctico de apoio aos novos entrantes, eventualmente adaptado a un territorio e a un sector ou sectores produtivos concretos. Nese senso, é importante que estas entidades definan o seu papel no acompañamento á persoa que se quere incorporar e, sobre todo, saiban transmitilo ás persoas ás que ofrezan os seus servizos.



Enténdese o rol ou papel que unha entidade pode desenvolver como o tipo de función e tarefas que é capaz de levar a cabo no apoio ás NE para a materialización do seu proxecto produtivo no ámbito agro-ecolóxico. Este rol variará en función tanto das necesidades da persoa NE como dos recursos e capacidades dos que dispoña a propia estrutura de apoio. Ademais, cada entidade vai ter experiencia, coñecementos e recursos nunha ou varias das dimensións nas que as NE poden precisar apoio. Isto tamén determina en que eidos é recomendable que a organización se centre e en cales o seu papel vai ser secundario. De calquera xeito, sempre será útil e recomendable que a organización identifique outras entidades que poden prestar axuda ou acompañar aos NE nas outras facetas a considerar no proceso de incorporación.

Definíronse catro roles tipo (ver figura anterior), de menor a maior intensidade de acción. Normalmente un rol de maior intensidade incluíría tamén as funcións daqueles roles de menor intensidade, aínda que obviamente poden darse combinacións de varios roles en función do eido e a etapa de apoio. Ademais, dentro de cada tipo de rol, a súa vez, pode darse un gradiente na intensidade do apoio prestado.

A guía xeral articúlase nos seguinte apartados: Unha primeira parte introdutoria. A segunda parte dedicada a explicar os diferente niveis de intervención ou roles que poden asumir os axentes en función da súas capacidades e recursos, e recolle a lista de axentes que a nivel de Galicia están facendo acompañamento a NE en calquera das posibles

etapas do proceso de desenvolvemento dun proxecto agrogandeiro. A terceira e cuarta parte constitúen o corpo central da guía e son a parte máis técnica, onde se inclúen respostas ás preguntas que xorden no proceso de instalación dun NE, con indicacións precisas sobre os factores a ter en conta nas diferentes etapas de implantación do proxecto. A guía remata cunha recompilación de ferramentas e recursos a disposición dos NE e inclúe ademais anexadas unha serie de fichas esquemáticas de acceso e uso de ferramentas dixitais en aberto que poden ser de interese para os NE e para os axentes de acompañamento.

Moitas das fontes, entidades, iniciativas ou ferramentas incluídas na guía poden mudar de localización ou deixar de estar operativas, polo que este documento debe ser considerado un documento vivo que necesita revisión e actualización periódica.


3.3.2. Portelo de apoio á incorporación da RdB Mariñas Coruñas e Terras do Mandeo (P.3.5)

Como resultado neste epígrafe obtívose o portelo web [GO Terractiva \(cultivanasmariñas.gal\)](http://GO_Terractiva(cultivanasmariñas.gal))

Dito portal ten como obxectivo ser un punto de información integral para as persoas que pretenden iniciar unha actividade agraria, en particular na agroecoloxía, no territorio da RdB. Componse de varias seccións nas que, ademais de reunir os materiais de maior interese xerado durante o proxecto, se recollen experiencias de persoas novas entrantes a modo de inspiración e referencia. Tamén se incorpora o acceso ao visor xeográfico cos recursos de interese do territorio da RdB.

Cultivanasmariñas.gal é así unha ferramenta central a utilizar por parte do GDR das Mariñas no seu rol de entidade de apoio a persoas novas entrantes no seu ámbito de actuación.

A continuación amósanse capturas de pantalla do portelo web. Por orde de captura, a páxina de inicio, a sección de guías de incorporación e a de experiencias inspiradoras.



SOBRE O PROXECTO

Iniciar un proxecto agrario

A agricultura ofrece moitas oportunidades laborais e vitais. Incorporarse á agricultura é un proxecto ilusionante, mais non exento de retos. Dende o GDR das Mariñas podemos apoiarte a definir o teu plan e a identificar os recursos necesarios para poñelo a andar.

Ler máis



Por onde comezar



Puntos clave

Atopa terras

Avicultura artesanal

Horta

Outros recursos

► A quen acudir

Existen diversas organizacións e axentes que poden axudar na definición e implantación dun proxecto agroecolóxico. Identifícaa e entra en contacto con eles para ver como te poden apoiar. Oficinas Rurais, Polos de Emprendemento Rural, entidades de aconsellamento, técnicos locais de emprego, cooperativas... Todos eles poden ofrecerche algo de utilidade.

Ler máis



► Clarificar a idea

► Fórmate

Os coñecementos axeitados son clave para o éxito dunha nova actividade agrícola. Formación e asesoramento son polo



4. Conclusións

1. Importancia do **relevo xeracional**: a incorporación de novos/as agricultores/as é crucial **para abordar o reto demográfico do sector agrario galego**, dado o envellecemento das explotacións e a baixa representación de xóvenes. A pesar de que os novos entrantes son escasos, a súa formación, capacidade innovadora e capital social son fundamentais para revitalizar e manter o sector a longo prazo.
2. Necesidade de **redución de barreiras**: a Comisión Europea destaca a urxencia de reducir as barreiras para os novos entrantes, como o **acceso á terra e á información**, así como **mellorar a percepción da agricultura** entre os mozos. O proxecto **Terractiva** responde a estas necesidades mediante a **creación de ferramentas e recursos** para facilitar o acceso ás terras e apoiar a incorporación de novos agricultores, especialmente os que provén de contornas urbanas.
3. Relevancia dos grupos operativos: **Terractiva** busca un impacto significativo ao desenvolver ferramentas como a plataforma **Six-Web** e ofrecer **guías de apoio** para novos entrantes, co fin de mellorar o acceso á terra e fomentar iniciativas agroecolóxicas. Os resultados esperados inclúen a **caracterización das terras galegas**, a implementación de **boas prácticas** e a creación de **redes de apoio**, que contribuirán á sostibilidade e diversificación do sector agrario.

5. Referencias Bibliográficas

Creaney, R., Hasler, H. and Sutherland, L.-A. (2023), What's in a Name? Defining New Entrants to Farming. *EuroChoices*, 22: 58-65. <https://doi.org/10.1111/1746-692X.12382>

Monllor, N. (2012). Farm entry: A comparative analysis of young farmers, their pathways, attitudes, and practices in Ontario (Canada) and Catalunya (Spain). Accessed through http://www.accesstoland.eu/IMG/pdf/monllor_farm_entry_report_2012.pdf.

Monllor i Rico, N., & Fuller, A. M. (2016). La pagesia nouvinguda: cap a una nova ruralitat a Europa. *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, 62(3), 531–551. <https://doi.org/10.5565/rev/dag.376>

Zagata, L., & Sutherland, L. A. (2015). Deconstructing the 'young farmer problem in Europe': Towards a research agenda. *Journal of Rural Studies*, 38, 39-51.

Zagata, L. y Lostak, M., 2014. WP4 Final Report. Farming Transitions. Pathways towards regional sustainability of agriculture in Europe. [On -line: <http://www.farmpath.eu>]



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO